



V CONCURSO DE BOOKTRAILERS

O ENDL do IES Pontepedriña convoca o V Concurso de Booktrailers, un certame de vídeos que ten como obxectivo promover a lectura de libros en galego e a creatividade audiovisual do alumnado. A convocatoria e a resolución deste concurso rexeráse polas seguintes bases:

- 1) O obxectivo do concurso é contribuír á creación e difusión de traballos audiovisuais escolares no ámbito da normalización lingüística e promover a lectura como entretemento entre a mocidade.
- 2) Poderán concursar mozos e mozas de entre 12 e 18 anos de centros educativos sostidos con fondos públicos de toda Galicia.
- 3) Cada alumno ou alumna poderá presentar un máximo de 2 creacións inéditas da súa autoría. En caso de empregar imaxes e/ou música que non sexan propias, deberán estar libres de dereitos de autor ou baixo a licenza Creative Commons.
- 4) Os booktrailers terán como finalidade promocionar calquera libro de lectura escrito en galego ou ben unha tradución ao galego.
- 5) A duración mínima é de 60 segundos e a máxima de 120 segundos.
- 6) Os traballos en soporte dixital (en calquera formato) enviaranse por correo electrónico ao enderezo de normalización lingüística do centro (endlpontepedrina@gmail.com). Paralelamente o/a participante cubrirá unha ficha cos seguintes datos: NOME, IDADE, CURSO, CENTRO, LOCALIDADE.
- 7) O prazo de entrega dos traballos comeza o día 25 de abril e remata o día 20 de maio de 2022.
- 8) Establécense dous premios para cada categoría de participación:
1º premio 150 euros
2º premio 100 euros
Categorías de participación:
De 12 a 15 anos
De 16 anos a 18 anos
- 9) Na avaliación dos traballos teranse en conta os seguintes criterios: orixinalidade, creatividade, calidade artística, eficacia comunicativa e calidade lingüística.

10) O xurado estará formado por profesorado dos departamentos de Lingua Galega, Artes Plásticas e Música do IES Pontepedriña.

11) Os traballos ganadores publicaranse durante a 3ª semana do mes de xuño, na páxina web do instituto, nas nosas redes sociais, no blog do ENDL e nas webs da Xunta de Galicia.

12) As persoas participantes no concurso autorizarán a emisión da súa imaxe persoal nos booktrailers e nas accións de difusión derivadas.

13) A participación no concurso implica a aceptación destas bases.